



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO XIII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA.

En Santiago de Compostela,

14 XUÑ. 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro de 2016, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Manuel García Sendón, na súa calidade de presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (en adiante Federación), con CIF G36231561, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ambas partes teñen plena capacidade para levar a diante este convenio e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27º. 19 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.19.17ª da Constitución Española.





Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fóra do noso país, coa organización de encontros e actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Federación CULTURMAR é unha entidade cultural sen ánimo de lucro dedicada a defender, divulgar e dinamizar o patrimonio marítimo e fluvial de Galicia, particularmente as embarcacións tradicionais que o integran.

Actualmente CULTURMAR está integrada por 44 colectivos, que inclúen asociacións, culturais, veciñais, deportivas, etnográficas e mesmo colexiadas, que comparten o traballo de salvagarda do patrimonio marítimo-fluvial.

Por provincias a súa distribución é a seguinte:

- Lugo: 2
- A Coruña: 15
- Pontevedra: 24
- Portugal: 3



A Federación CULTURMAR ten como principais fins:



- A defensa, conservación e difusión da cultura e do patrimonio dos mares e dos ríos de Galicia así como das súas costas e ribeiras.
- O fomento do uso social e a dinamización do patrimonio marítimo e fluvial.

Para acadar estes obxectivos, a Federación CULTURMAR desenvolve accións encamiñadas a:

- Coordinar e asesorar as actividades de inventariado, investigación, conservación e restauración levadas a cabo polas asociacións federadas
- Facilitar a xestión das asociacións ante a Administración.
- Servir de enlace entre as asociacións federadas.
- Fomentar actividades de animación cultural e prácticas deportivas.
- Difundir a cultura marítimo-fluvial entre a xuventude e fomentar a súa participación.

Estas accións concrétnanse no desenvolvemento de actividades diversas: a realización de investigacións no eido patrimonial marítimo-fluvial e a elaboración de estudos teóricos sobre embarcacións; a recuperación de embarcacións e tipoloxías tradicionais; a realización de exposicións e mostras de patrimonio cultural e natural; a difusión deste patrimonio a través da edición de libros, monografías e revistas, exposicións e mostras ou da organización de xornadas e seminarios relacionados co patrimonio natural e cultural; o fomento do asociacionismo cultural nas vilas e bisbarras do país; e, principalmente, a dinamización das embarcacións mediante a realización de regatas, exhibicións conxuntas e concentracións en eventos públicos arredor embarcacións tradicionais, entre os que salienta o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

Saliéntanse especialmente os seguintes fitos:

- Entre os proxectos de investigación e desenvolvemento en que CULTURMAR ten participado, ten especial relevancia o proxecto europeo DORNA (Desenvolvemento Organizado e Sostible de Recursos no Noroeste Atlántico), aprobado no marco do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico e dirixido desde a Deputación de A Coruña.





- CULTURMAR intégrase a nivel europeo na asociación EUROPEAN MARITIME HERITAGE, da que é o único socio rexional e membro do Comité Executivo.
- Fóra das fronteiras galegas, CULTURMAR levou a cultura e o patrimonio galego, xunto tamén con iniciativas en artesanía e turismo, a Bretaña, participando de xeito oficial na Fête Maritime de Brest dos anos 2008 e 2012; así como en diversas participacións na xuntanza de Douarnenez; asemade foi convidada ao Festival “Arcu Atlanticu” en Xixón ou a Irlanda, á Rebel Raid. É frecuente a participación anual en eventos arredor do patrimonio marítimo en diversos territorios da Península: Portugal (Lisboa e vilas do Norte), País Vasco ou Cataluña.
- Está integrada, co nº O-582, no Rexistro de entidades de ACCIÓN VOLUNTARIA DE GALICIA.
- É PREMIO DA CULTURA GALEGA 2015 na modalidade de PATRIMONIO, en recoñecemento a un labor de máis de vinte anos a prol do patrimonio marítimo e fluvial de Galicia.

CULTURMAR realizará o XIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia en Combarro – Poio. A asemblea de CULTURMAR decidiu celebrar a décimo terceira edición do Encontro en Combarro-Poio, valorando positivamente tres aspectos fundamentais:

- A tradición mariñeira e o importante patrimonio cultural da vila.
- O proxecto presentado polo Clube Mariño A Reiboia, xunto coa súa traxectoria de vinte anos desenvolvendo un importante labor a prol do patrimonio marítimo; como a recuperación de embarcacións tradicionais, a organización anual dunha concorrida concentración de embarcacións tradicionais ou a consecución dunha mariña tradicional.
- O compromiso de colaboración e implicación do Concello de Poio (expresado a través dun acordo unánime do pleno da súa corporación) e das entidades que representan e xestionan o conxunto das actividades portuarias de Combarro.

O Encontro consiste nunha gran concentración de embarcacións tradicionais, representativas do patrimonio marítimo galego, acompañadas de actos culturais e de lecer, como son as xornadas de conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía, etc.



Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen interese coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA.- Obxectivos e actuacións

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a entregarlle á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial a cantidade de doce mil euros (12.000 €) como contribución para a realización do XIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

Obxectivos xerais:

- Amosar a diversidade do patrimonio marítimo-fluvial mediante a súa exhibición ordenada e o seu uso.
- Concienciar o público asistente e a poboación da contorna da necesidade de salvagardar o patrimonio cultural e natural, en especial as embarcacións tradicionais.
- Fomentar marcos normativos que acheguen incentivos e permitan a recuperación de tipoloxías tradicionais en uso, xunto coa investigación encamiñada á construción de modelos de tipoloxías xa extintas.
- Fomentar o intercambio de experiencias con outras asociacións peninsulares e europeas.
- Incentivar a participación en eventos patrimoniais de diversos colectivos, en especial, aqueles con minusvalías físicas e psíquicas.
- Fomentar a participación de entidades públicas, cívicas ou empresas, non vinculadas directamente co patrimonio cultural marítimo-fluvial, no desenvolvemento do Encontro.

Obxectivos locais:

Posta en valor do patrimonio cultural e natural de Combarro e redonda.





- Implicar a cidadanía en xeral (dos distintos gremios, da mocidade, das comunidades mariñeira e escolar ou das entidades culturais en particular) mediante a súa participación e colaboración activa na organización e desenvolvemento das distintas actividades do evento.
- Fomentar e relanzar o tecido asociativo que permita a creación, de forma sostíbel, de eventos culturais ligados ao patrimonio marítimo.

Actuacións:

- Video promocional XIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Orzamento 2.000 €.
- Deseño e maquetación de publicacións. Orzamento 700 €
- Actuacións musicais/espectáculos. Orzamento 4.500 €
- Aluguer de dotación para actuación musicais/espectáculos (palcos, escenarios...). Orzamento 5.000 €.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades porque se trata dun encontro cunhas características especiais que o fai único en Galicia, motivo polo que a Consellería o decide potenciar.

Este Encontro vense celebrando dende fai máis dunha década; a este evento, único en Galicia, están convidadas asociacións afíns á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial tanto de Galicia como de Portugal, Irlanda, Francia, País Vasco, Cataluña, Andalucía, Levante ou Illas Baleares así como institucións de interese cultura e patrimonial en España.

Por todo o anterior, CULTURMAR é a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo estas actividades, con estas especiais características, ás únicas que se desenvolven na nosa Comunidade Autónoma.





Así mesmo, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades, tanto impresa como audiovisual, a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas

A Federación deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.





A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

A Federación CULTURMAR comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 12.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 10 20 432B 781 1 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017, código de proxecto 201500372.

No caso de que a federación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o 50% do importe da subvención concedida, que neste caso será de 6.000 € como máximo.

A Federación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvención, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 9.600 €.





O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a federación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de outubro de 2017.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Federación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite de 15 de outubro de 2017 e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.





A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2017, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a federación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo presidente da Federación CULTURMAR.





SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.


Así mesmo, a Federación acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partires do 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galicia

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria,

O presidente da Federación Galega
pola Cultura Marítima e Fluvial,

Román Rodríguez González



Manuel García Sendón



culturalmar
Federación Galega pola Cultura
Marítima e Fluvial
CIF: G-36.231.561